

VIII FESTIVAL

BETANZOS



CASCO HISTÓRICO

GARELOS JAZZ QUINTET

venres **19** xullo



ALFREDO GARCÍA QUINTET

sábado **20** xullo



MARCOS TEIRA QUINTETO NÓS

domingo **21** xullo




Lugar

Con bo tempo:
Praza da Constitución



Se chove:
**Aula de Cultura Xulio Cuns
Edificio Arquivo**




Hora
21:30 h



AXENDA
Cultural
DE
BETANZOS

xullo/2019

ORGANIZA:



betanzos.gal



VIII FESTIVAL

BETANZOS

xullo/2019



CASCO HISTÓRICO




GARELOS
JAZZ
QUINTET

venres **19** xullo



ALFREDO
GARCÍA
QUINTET

sábado **20** xullo



MARCOS TEIRA
QUINTETO
NÓS

domingo **21** xullo



VIII FESTIVAL

BETANZOS



ORGANIZA:



Concello de
Betanzos

BETANZOS
cerca

www.betanzos.net



Lugar

Con bo tempo:
Praza da Constitución



Se chove:
Aula de Cultura Xulio Cuns
Edificio Arquivo



Hora
21:30 h

AXENDA
Cultural
DE
BETANZOS



Concello de
Betanzos



VIII FESTIVAL



BetanJazz é +:

O BetanJazz + chega este ano á súa VIII edición e xa é unha das citas ineludibles do verán musical betanceiro.

O jazz naceu do contaxio de diferentes músicas e leva tempo contaxiando outras músicas do mundo. Así, o festival confirma o seu formato e os seus horizontes para dar cabida ás novas expresións da música improvisada contemporánea.

BetanJazz + quere ser unha xanela en que o público terá a posibilidade de poder coñecer de primeira man propostas que representan hoxe o diálogo entre as músicas do mundo e a música improvisada que se fai en Galicia.

ALFREDO GARCÍA QUINTET

sábado **20** xullo



Este proxecto é unha evolución da anterior formación, **Alfredo García Quartet**, que colleitou éxitos en festivais de jazz galegos e galardóns como o primer premio no Concurso de Maquetas Jazz Fusión organizado por FNAC. Tras a maqueta o proxecto converteuse no álbum **Riding into a new path**.

O seu actual proxecto esta fundamentado en temas orixinais, coa excepción dun par de versións con innovadores arranxos en sintonía coa estética musical da formación.

A música do grupo, enraizada no jazz, aproveita o mellor de outros estilos como o funk, o rock ou a world music.

Formación:

Alfredo García (guitarra)
Iago Mouriño (piano)
José García (saxo)
Pablo Sanmamed (contrabaixo)
Bruno Couceiro (batería)

GARELOS JAZZ QUINTET

venres **19** xullo



Garelos Jazz Quintet nace da idea de instaurar de novo unha agrupación jazzística na cidade de Betanzos.

O son do jazz dos anos 40 e 50, aderezado con matices de soul, blues e música latina, da voz ao repertorio desta banda.

Un repertorio orixinal constituído por composicións propias así como arranxos de standards e cancións populares. Cinco músicos brigantinos unidos nun directo enérxico, que tratará de debuxar en son as vivencias dun garelo.

Formación:

Eugenio Pintor (baixo eléctrico)
Felipe Oñate (batería)
Juan Carlos Casal (piano)
Miguel González (saxo alto)
Arturo Fernández (saxo tenor)

MARCOS TEIRA QUINTETO NÓS

domingo **21** xullo



Nós é o terceiro traballo dun proxecto que comezou con **Solo** e seguiu con **Flamenco Translations**.

Con **Nós** péchase o círculo; tres discos arredor da idea de traducir, adaptar e resituar músicas partindo da linguaxe da guitarra flamenca. A corda e a madeira son os elementos fundamentais para construír o son deste disco que ten a Translations trío como pedra angular.

Nós é mestizo e persoal, é un encontro e as músicas que o compoñen viaxan a través dunha nova e suxestiva paisaxe sonora. O flamenco e o jazz para adaptar e resituarse nesa paisaxe. Nós corda e madeira, piano e baile, caixón, contrabaixo e guitarra. Nós cubanos, nós flamencos, nós xitanos, nós galegos.

Un concerto para **ver, escoitar e sentir**.

Formación:

Marcos Teira (guitarra)
Alfonso Calvo (contrabaixo)
Moisés Fernández (caixón)
Alejandro Vargas (piano)
Isaías Salazar (baile)